

BASES DO CONCURSO FOTOGRÁFICO DAS I XORNADAS MICOLÓXICAS DA POBRA DO CARAMIÑAL

1. Obxecto

O presente certame enmárcase dentro das I Xornadas Micolóxicas organizadas polo concello da Pobra do Caramiñal e que teñen por obxecto dar a coñecer o mundo dos fungos e sensibilizar á cidadanía sobre a súa importancia nos ecosistemas, as súas repercusións sobre a saúde humana, os seus usos dentro da nosa sociedade e calquera outro aspecto cultural que se poda considerar de interese ou relevancia. A micofobia foi e aínda segue a ser unha característica de idiosincrasia galega, que se pretende substituír polo coñecemento e o respecto a todas as especies que compoñen este grupo de seres vivos.

2. Participantes e inscrición.

Poderán participar todas as persoas físicas de calquera idade. A inscrición realizarase mandando previamente os seguintes datos persoais ao enderezo medioambiente@apobra.gal. A inscrición é de balde.

- Nome e apelidos
- DNI
- Teléfono de contacto
- Enderezo de correo electrónico

Responderase cun correo electrónico de confirmación para a participación á que se axuntará unha tarxeta de participante.

3. Temática

As fotografías deberán representar a un fungo ou a unha parte do mesmo, como pode ser o carpóforo (órgano con funcións reprodutivas, que en moitos casos recibe o nome de seta ou cogomelo) ou o micelio (aparato vexetativo). En ningún caso os exemplares poderán extraerse do medio nin manipularse de maneira algunha. A imaxe ten que ser a da propia natureza, do contrario non será admitida. Non se poderá danar os exemplares de fungos nin de calquera outro ser vivo para a realización das fotografías. Non se admitirán fotografías que atenten contra a dignidade das persoas nin ofensivas.

As fotografías deben tomarse dentro do termo municipal, coa finalidade de que os participantes coñezan a nosa natureza e aporten información sobre as especies locais.

Só se admitirán fotos inéditas e propias. As persoas concursantes asumen a responsabilidade de que non existan dereitos de terceiras persoas sobre as fotografías presentadas.

4. Formato

As fotografías realizaranse en soporte dixital e así se entregarán. Permitirase o retoque fotográfico pero non as fotomontaxes. Enténdese como retoque fotográfico a utilización de técnicas para mellorar a calidade das imaxes orixinais, ou simplemente para corrixir diversos matices, como a luz ou a cor. Considérase fotomontaxe a composición dunha nova imaxe a partir doutras.

As imaxes deberán presentarse en **formato jpg, con tamaño máximo de 1024x768 píxels, debendo enviarse o arquivo orixinal sen modificar** a fin de comprobar que as imaxes foron efectivamente tomadas pola persoa inscrita e durante o período estipulado. Para os casos nos que se detecte algún tipo de alteración neste arquivo a persoa participante quedará descalificada.

Cada concursante debe imprimir a tarxeta de participante que reciba por correo electrónico e **debe realizar dúas fotografías por cada unha das imaxes a concurso:**

- Unha artística, que será a valorada polo xurado para elixir ao gañador.
- Outra idéntica pero onde se vexa a tarxeta de participante.

5. Prazo e forma de presentación dos traballos

O prazo para a realización das fotografías será do venres 24 ás 15h ao domingo 26 ás 24h. No mesmo prazo, as fotografías entregaranse en soporte dixital e por correo electrónico na dirección medioambiente@apobra.gal. As imaxes serán trasladadas ao xurado que en ningún momento coñecerá os datos da persoa participante, agás o número identificativo que se lle teña asignado.

Cada participante poderá presentar un máximo de dúas obras. No caso de presentar máis de dúas obras, consideraranse excluídas tódalas obras presentadas.

6. Xurado

O xurado estará composto polas seguintes persoas, que non poderán participar no concurso:

- 1 representante dunha asociación micolóxica.
- 1 representante da casa da cultura.
- 1 representante do concello con coñecementos técnicos en fotografía.

7. Premios

Os premios consistirán en bonos de compra na plataforma web de comercio local <https://www.deanshop.es/>. Establécense tres premios:

- 1º premio un bono por valor de 300 €
- 2º premio un bono por valor de 200 €
- 3º premio un bono por valor de 100 €

As fotografías premiadas poderán usarse nas campañas de promoción de próximas xornadas micolóxicas.

O concello reservase o dereito de realizar unha exposición coas fotografías presentadas a concurso.

O fallo do xurado será publicado na web municipal nas dúas semanas seguintes ao fin do prazo de entrega. As persoas gañadoras recibirán o premio nas dependencias municipais, ou de non ser posible farase a entrega a través do enderezo de correo electrónico facilitado.

8. Aclaracións

Para a resolución de calquera dúbida ao respecto do concurso os interesados poden contactar co concello na dirección de correo electrónico medioambiente@apobra.gal ou no teléfono 981 84 32 80.

Calquera circunstancia non resolta nas bases será resolta a criterio do xurado unha vez constituído ou do propio concello antes da constitución do xurado.

A participación neste concurso supón a plena aceptación de todas e cada unha destas bases e o fallo inapelable do xurado.